

MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO MÓDULO “Xogos e actividades fisicorecreativas e de animación turística” MOTIVADA POLA SUSPENSIÓN DAS CLASES PRESENCIAIS POLO COVID19:

1. UNIDADES DIDÁCTICAS DO TERCEIRO TRIMESTRE(De avance e recuperación):

Os contidos e tarefas que se proporán ao alumnado adaptaranse á formula de educación non presencial a través de medios telemáticos.

Prescindiremos por tanto de todos os elementos prácticos que forman parte esencial deste módulo, pero tentaremos que o que se refire ao deseño e coñecemento de contidos a impartir en posibles sesións no seu desempeño profesional si que poidamos facer tarefas para que as súas competencias non se vexan minoradas.

As tarefas de recuperación irán encomendadas unicamente ao alumnado que obtivo unha cualificación inferior a 5 nalgún trimestre. En cada caso asignaráselle as tarefas do trimestre que non conseguira superar, adaptadas, se fora necesario, ao sistema de traballo telemático. A cualificación das tarefas serán tidas en conta para o cálculo da nota final no apartado correspondente, substituíndo á anterior.

2. METODOLOXÍA DIDÁCTICA:

Utilizaranse traballos en grupo e individuais sobre supostos prácticos e deseño de sesións. Utilizaremos os xogos virtuais como modelo de aprendizaxe de outros reais. Realizaremos postas en común a través de foros sobre contidos. Todo o anteriormente exposto cumprirá co obxectivo de poder avanzar na materia de maneira non presencial.

3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A modificación dos criterios de cualificación motivada pola suspensión das clases polo COVID 19 fai que estes criterios queden da seguinte maneira para calcular a nota final do módulo:

- a. A nota final será calculada pola mesma fórmula que estaba prevista inicialmente, pero tendo en conta todos os elementos avaliados durante a etapa presencial, é dicir os da 1ª e 2ª avaliacións.
- b. Todos os contidos, probas e traballos propostos durante o período non presencial (3ª avaliación) serán tidos en conta como se estiveran dentro do apartado E dos criterios establecidos. Cunha modificación, que sumará un máximo de 1,5 puntos á nota final calculada con todas as notas da 1ª e 2ª avaliacións).
- c. A fórmula polo tanto será a mesma, pero o apartado E, sumará un máximo de 1,5 puntos.
- d. As tarefas avaliadas durante o período non presencial terán unha nota cada unha sobre 10, que posteriormente se sumarán para facer unha media aritmética e multiplícala por 0.15 (E = media aritmética das notas da 3ª avaliación * 0.15)

Fórmula NOTA FINAL (queda igual que estaba) = $A*0.3+B*0.4+C*0.2+D*0.1+E$

O alumnado con perda da avaliación continua deberá presentarse ao exame extraordinario nas condicións establecidas na Programación, e nas datas que fixe a Administración.

Profesor: Anxo Gómez García